



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Ao efecto do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANUNCIO DA SEGUINTE PROPOSTA:

ORDENANZA ESPECÍFICA: SUBVENCÍONS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS POPULARES NO CONCELLO DE BOIMORTO. BASES REGULADORAS.

Dende o Concello preténdese apoiar, incentivar e fomentar a realización de actividades culturais e artísticas vinculadas á realización de festas de carácter popular e tradicional nos barrios e parroquias do mesmo.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para realizar festas populares nos barrios e parroquias do Concello.

2. BENEFICIARIOS.

As subvencións reguladas na presente convocatoria repercutirán en todas as parroquias que promovan festas populares, e serán beneficiarios:

- As entidades, organismos ou asociacións xuridicamente constituídas.

Que cumpran os seguintes requisitos e fins:

- REQUISITOS XERAIS:

- A) Carecer de fins de lucro.
- B) Desenvolver as actividades no termo municipal de Boimorto.
- B) Non ter débedas co Concello por calquera concepto.
- C) Cumprir os requisitos e as obrigas reguladas nos artigos 13 e 14.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións respectivamente.
- D) Estar debidamente inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades do Concello ou telo solicitado na data da petición; e no rexistro autonómico de asociacións en cumprimento do disposto na Lei orgánica 1/2002, do 21 de marzo.

3. CONTÍA DAS SUBVENCÍONS.

3.1. O importe por beneficiario de cada subvención será o que se determine na convocatoria anual realizada pola Alcaldía ou ben polo órgano delegado correspondente.

3.2. Concederáse máximo unha subvención por parroquia. No suposto de que se presente máis dunha solicitude por parroquia, terase en conta únicamente a de máis representatividade e tradición histórica.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

3.3. Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos procedentes doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados para mesma finalidade.

4. APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo que se determine na convocatoria anual correspondente que se imputará á aplicación 334.480.00 do orzamento municipal.

5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

5.1. As solicitudes das axudas deben de ser cubertas de conformidade ao modelo normalizado contemplado no (anexo I) presentaranse no rexistro xeral do Concello de Boimorto, a través da sede electrónica ou en calquera outro dos lugares habilitados ao efecto de conformidade a Lei 39/2015, de procedemento administrativo común.

5.2. Na propia solicitude incluírase por parte dos interesados: Unha Memoria explicativa da actividade que se vai a desenvolver.

5.3. O prazo para a presentación de solicitudes será o prazo indicado na convocatoria anual realizada pola Alcaldía, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria anual no Boletín Oficial da Provincia con remisión a estas bases. O prazo terá carácter improrrogable.

5.4. No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederáse un prazo indicado na convocatoria anual realizada pola Alcaldía, para a súa corrección ou emenda, arquivándose sen máis trámite, cando non se emenden as deficiencias advertidas no prazo sinalado. Non se terán en conta as solicitudes presentadas fóra dos prazo fixado na convocatoria.

6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN. TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES.

6.1. Se concederá as axudas e subvencións a todos os solicitantes (con límite na dispoñibilidade orzamentaria) que cumpran os requisitos, tendo en conta a contía e o criterio establecido no apartado 3.1. e 3.2. respectivamente.

6.2. Recibidas as solicitudes e comprobados o cumprimento dos requisitos, a Alcaldía ou no seu caso mediante delegación previa na Xunta de Goberno Local, previo os informes correspondentes na fase de instrución adoptará, tendo en conta o disposto no apartado 3, a resolución motivada de concesión da subvención que proceda e que conterà:

- A relación de solicitantes
- Subvencións acordadas e a súa contía.
- Subvencións denegadas e o motivo de denegación.

6.3. Unha vez concedida a subvención, procederáse a súa notificación a tódolos solicitantes nun prazo máximo de 15 días desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

6.4. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderanse formular os recursos que procedan.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

7.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

7.1. Serán subvencionables os gastos derivados do fomento de actividades e programas relacionados coas festas parroquiais indicados na memoria.

7.2. No caso de que o proxecto se adecúe á finalidade da subvención percibiranse a cantidade de máxima contemplada na convocatoria anual.

8.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO.

Constitúen obrigas do beneficiario:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.

2. O beneficiario está obrigado, cando así sexa requirida polo Concello, a xustificar o cumprimento do establecido nas bases desta convocatoria. Ademais, deberá someterse, cando así se lle requira, ás actuacións de comprobación e control financeiro por parte da intervención xeral do Concello.

3. Deberá comunicar ao Concello a obtención de calqueira outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie a actividade que se subvenciona, sen que en ningún caso, o importe das subvencións poida ser de tal contía que, aislada ou en concurrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos supere o coste da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

4. O beneficiario deberá conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, có fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.

5. Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados na Lei Xeral de Subvencións.

6. Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e seguridade social.

7. Asumir todas a responsabilidades legais e civís das actividades que realizan.

9.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN.

9.1. A presentación da documentación xustificativa da subvención presentaranse no rexistro xeral do Concello de Boimorto, a través da sede electrónica ou en calquera outro dos lugares habilitados ao efecto de conformidade a Lei 39/2015, de procedemento administrativo común.

9.2. A xustificación baixo a responsabilidade do declarante efectúarase antes da data límite marcada na convocatoria anual da subvención realizada pola alcaldía.

9.3. Deberá presentarse a documentación seguinte:

- Anexos II debidamente cumprimentado.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Facturas, nóminas ou outros documentos de valor probatorio equivalente e con validez no tráfico xurídico mercantil que acrediten os gastos realizados; e que deberán de importar, como mínimo, a contía da subvención concedida.
 - As facturas deben de corresponder a gastos que se consideran subvencionables.
 - As facturas deberán ser copias auténticas. Nas facturas orixinais deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida especificando a súa utilización para a xustificación da subvención desta convocatoria. En todo caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concedera a subvención.
- No caso de obterse axudas doutras administracións públicas deberá xustificarse gasto por unha contía igual á suma de tódalas axudas, noutro caso reducirase proporcionalmente a axuda outorgada polo Concello.
- Xustificantes dos pagamentos efectuados.
- Documentación que acredite a realización da actividade subvencionada como cartel da festa parroquial, noticias de prensa, fotografías e calquera outra documentación que estime oportuna para o fin indicado.
- Certificación da conta bancaria a nome da entidade, aos efectos de ingreso do importe da subvención correspondente.

9.4. No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, tramitarse o requirimento ao que fai referencia o artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

10.- PAGAMENTO.

10.1. O pagamento da subvención concedida, por regra xeral, farase efectivo unha vez xustificada totalmente os gastos realizados.

10.2. Poderase contemplar na convocatoria anual correspondente a posibilidade de que o pagamento da subvención concedida se poida facer efectiva cunha porcentaxe respecto do total de forma prepagable, unha vez presentada e aprobada a documentación achegada para a solicitude da subvención.

11.- REINTEGRO.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revocación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas declaracións, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas. As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

12.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

ANEXO I

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS NO CONCELLO DE BOIMORTO - ANUALIDADE _____

SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN.-

D./Dna. _____ DNI _____ como representante da entidade _____ co CIF _____
(Achego documento xustificativo da representación)

SOLICITO:

PRIMEIRO.- Participar na convocatoria para a concesión de subvencións para a celebración de festas parroquiais no Concello de Boimorto na anualidade _____.

SEGUNDO.- Que a entidade antedita non está incurso en ningunha das prohibicións reguladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 18 de novembro, que imposibilitan a obtención de axudas públicas.

TERCEIRO.- Que aos efectos do antedito formulo a seguinte **MEMORIA DE ACTIVIDADE:**

| | |
|---|--|
| ACTIVIDADE: | |
| OBXECTIVOS QUE SE PERSEGUEN: | |
| ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA ACTIVIDADE: | |
| GASTOS | |
| CONCEPTO | IMPORTE |
| ACTUACIÓNS MUSICAIS | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| INGRESOS (inclúe achegas públicas e/ou privadas) | |
| CONCEPTO | IMPORTE - FONTE DE FINANCIACIÓN |
| SUBVENCIÓN | |
| OUTROS | |

Boimorto, ___ de _____ de 20__



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

ANEXO II

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS NO CONCELLO DE BOIMORTO - ANUALIDADE _____

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.-

D/Dna. _____ DNI: _____
Como representante da entidade: _____
Domicilio do representante: _____
CP: _____ Localidade: _____ Telf.: _____

En cumprimento do establecido nas bases de concesión de subvencións, unha vez concedida a subvención, procédese a aportar os documentos preceptivos xustificantes da mesma:

- A) Xustificantes acreditativos dos gastos realizados.
- b) Xustificantes de pagamento dos anteditos gastos.
- B) Memoria descritiva da actuación realizada asinada polo representante da entidade

Aos efectos da xustificación e cobro da subvención, DECLARO:

- o Que a entidade que represento obtivo unha subvención do Concello de Boimorto por importe de _____ €, cumpríndose a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para a que foi concedida.
- o Que para os mesmos fins (obtivéronse/non obtivéronse) _____ subvencións doutras Administracións Públicas para a mesma finalidade.
- o Que a entidade _____ non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, para percibir axudas públicas.
- o Que a entidade _____ se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Boimorto, ___ de _____ de 20__

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO

Boimorto, a data da sinatura dixital.

A Alcaldesa - Presidenta,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez